

DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA



Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e
Industrias Agroalimentarias
Consellería do Medio Rural

Marzo 2026

Categorías das enfermidades animais:

CATEGORÍA A: Febre Aftosa, Peste bovina, PCB, **Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC)**, Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP), PPC, PPA

CATEGORÍA B: Tuberculose bovina, Brucelose bovina...

CATEGORÍA C: ~~Lingua azul (LA)~~, IBR, BVD, LEB...

CATEGORÍA D: **Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE)**, Carbunco... **Lingua azul (LA)**

CATEGORÍA E: Febre Q, Paratuberculose....


Todas son EDO

Distintas estratexias

■ QUE É A DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA (DNC)?

- Producida por un virus ADN de **alta contaxiosidade** (xénero Capripoxvirus; fam Poxviridae).
- **Enfermidade de categoría A** na listaxe de enfermidades de interese na Unión Europea: → actuacións de **erradicación inmediata** en caso de aparición dun foco.
- As medidas de erradicación supoñen entre outras o **sacrificio obrigatorio de todo o censo da explotación afectada**.
- Provoca un **gran prexuízo económico**, directo nas explotacións afectadas e indirecto en todo o sector bovino (restricións comerciais).

Virus ADN familia Poxviridae



▪ A QUE ANIMAIS AFECTA?


- **Unicamente a gando bovino.** Non afecta a ningunha outra especie de animais domésticos.
- **Susceptibilidade segundo idade, inmunidade previa, condicións nutricionais, etc.**
- **Mortalidade (1-5%) e morbilidade (10-45%):** variable dependendo da cepa vírica, situación do animal e o control oficial implementado.
- **Non é unha zoonose.** O home non pode infectarse nin por contacto directo con animais infectados nin polo consumo dos seus produtos (carne ou leite).



Fonte: <https://agriculture.vic.gov.au/biosecurity/animal-diseases/cattle-diseases/lumpy-skin-disease/what-are-the-signs-of-lumpy-skin-disease>


COMO SE CONTAXIA?

- Principalmente a través do **movemento de animais infectados** e mediante **vectores hematófagos** (moscas picadoras, carrachas,...)
- **Secrecións** nasais e oculares, saliva e material das **costras** poden contaminar alimentos ou auga, e contribuir á transmisión se existen vectores
- **Virus moi resistente**: pode sobrevivir durante meses no ambiente, en peles secas ou material contaminado.
- Resiste a conxelación e desconxelación.



A bioseguridade e a limpeza e desinfección e desinsectación son fundamentais

COMO SE CONTAXIA?



Transmission determined only by experimental studies

Lumpy Skin Disease Virus

Border of new geographic area



Culicoides imicola



Culicoides obsoletus



S. Archibald and E. Dawson, 2001, Pabinger Ltd

LINGUA AZUL e EHE



Mosca de los establos





Tábano

DNC



■ QUE SÍNTOMAS PRODUCE ?





Fotografías de lesiones por DNC en bovinos del foco 2025/1

Foco 2026/1 (foco 18)





Foco 2026/2 (foco 19) Huesca)

Signo máis característico (tardío)

- **Nódulos (2–5 cm de diámetro, ás veces máis), profundos, firmes, que poden necrosarse, ulcerarse e formar costras (virus viable 3 meses) que caen deixando unha cicatriz.**

- Pel

- Mucosas externas: nariz, boca


- Mucosas internas: dixestivas ou respiratorias

Cabeza, pescozo,
ubres...outras partes




■ DIAGNÓSTICO

- Clínico: debe confirmarse laboratorialmente
- Laboratorial:
 - **PCR (detección de ADN viral)** en mostras de sangue, tecido ou exudados de nódulos, costras, secrecións orais e nasais
 - **Illamento viral** en cultivos celulares (menos usado pola complexidade).
 - **Ensaio serolóxicos (ELISA, para detectar anticorpos)**




SITUACIÓN ACTUAL?

Europa: focos en Italia e Francia desde xuño 2025 Italia: non focos 2026. Francia: 1 só foco (xaneiro 2026)




Fonte: https://assets.publishing.service.gov.uk/media/68f0d71e8e4040c38a3cf7b/LSD_in_Europe_October_2025.pdf

Nigeria Strain 2018 Cluster 1.2




Norte de África: Focos en Alxeria e Túnez



Fonte: https://assets.publishing.service.gov.uk/media/6830748d7fb7a7d9cd77528e/LSD_in_N_Africa_4_-_May_2025.pdf


SITUACIÓN ACTUAL EN FRANCIA

6 zonas restrinxidas (ZR) desde xuño 2025




117 focos notificados (último 02/01/2026)

Política UE de Rexionalización




ZR levantadas a 10/03/2026

SITUACIÓN ACTUAL EN FRANCIA



Réalisation : SRAL/SRISET
DRAAF Occitanie

¹ Sur effectif bovin connu au 17 décembre 2025
² Élevages: Données correspondantes à date de la loi SRAG



DNC : Zonage en Occitanie et Nouvelle-Aquitaine au 27 janvier 2026



Édition du 23/01/2026

- + - ZR levantadas (último foco 02/01/2026)
- % vacunación


- Gran número focos e diseminados
- Época calor

■ EN ESPAÑA


4 de outubro notifica un foco en Girona.

Actualmente notificados **20 focos en España**
(18 en Girona, 2 en Huesca)

- Focos iniciais (17): último 24/10/2025
- Último foco Girona (18): 07/01/2026
(levantada zona restricción 26/02/2026)
- Focos Huesca: 28/02/2026, 03/03/2026



Localización de los 18 focos de DNC en Cataluña a fecha 07/01/2026 y ZR que se adoptará en España a partir del 09/01/2026



Localización de las zonas de vacunación I y II y la Zona Restringida por los 2 focos notificados en Aragón.

■ MEDIDAS A APLICAR NO CASO DE FOCO

CATEGORÍA A → ERRADICACIÓN INMEDIATA

Na **granxa afectada:**


- Inmobilización inmediata dos animais
- Sacrificio “in situ” de todo o censo
- Traslado para destrución dos cadáveres e materiais contaminados (costras, alimentos, camas...).
- Medidas de biocontención
- Desinfección completa das instalacións, equipos, vehículos...
- Desinsectación de instalacións



Establecemento dunha **ZONA DE**
RESTRICIÓN:

- **Zona de protección** de mínimo **20 km (28 días+17 ZV)**
- **Zona de vixilancia** de mínimo **30 km** arredor da anterior **(45 días)**

↓
50 km



Na **Zona Protección (ZP)** e **Zona de Vixilancia (ZV)**

- Medidas LDDD en vehículos
- Posible desinsectación en explotación (ZP)
- **Visita SVO explotacións**: medidas bsg, exame clínico → toma mostras (100% ZP, mostra en ZV)
- **Movementsos vida** por itinerarios designados, vías principais, evitar cercanía explotacións, sen descarga ou parada ata destino, animais inspeccionados/analizados
- **Movementsos matadoiro** en ZP en vehículo precintado. Separados (liña ou momento).
- **Produtos**:
 - **Carnes**: restricións mov despoxos (non carne e tripas)
 - **Leite**: directo a industria para tratamento térmico. ZP con precinto da cisterna.



■ POLÍTICA DE VACINACIÓN NA UNIÓN EUROPEA

Regulamento Delegado (UE) 2023/361

VACINACIÓN PREVENTIVA PROHIBIDA FÓRA DA ZONA AFECTADA OU LIMÍTROFE



Fonte: Shutterstock.com

España presentou para aprobación da Comisión Europea un plan de vacinación:


- Zona de vacinación II
- Zona de vacinación I
- + Zona perivacunación

Criterios aprobación:


- ✓ Estudo de risco
- ✓ Plan vacinal oficial
- ✓ Banco de vacinas
- ✓ Información continua de execución á UE

Programa vacinal España

Propuesta nuevas zonas de vacunación I y II




Zona II
Zona I
Zona perivacunación



CC.AA	ZV	EXPLOTACIONES			ANIMALES	Fecha de actualización de la vacunación
		Granjas de leche	Granjas de carne	Cebaderos		
CATALUÑA	ZV-II	100%	99%	99%	97%	03/03/2026
		99%				
	ZV-I	99%	95%	98%	93%	
		97%				
ARAGÓN	ZV-I	-			85-100%*	28/02/2026
NAVARRA		91,00%			96,00%	26/02/2026
PAÍS VASCO		82,90%			89,00%	04/03/2026

■ VACINACIÓN

- Vacina de virus vivo atenuado
- Unicamente vacinación de urxencia dentro das zonas restrinxidas e de risco para controlar a propagación da enfermidade.
 - **Vacunación supresora:** animais de explotación confirmadas previa ao seu sacrificio co fin de reducir ao máximo excreción de virus no medio
 - **Vacunación preventiva:** animais das **explotación sen foco e situadas nas zonas de vixilancia e protección ou próximas**



Italia, Francia e España realizaron vacunación de emerxencia

Vacunación voluntaria non posible

- Non permitido legalmente
- Posibilidade de fenómenos de reversión (vacina viva atenuada)
- Imposibilidade de diferenciación laboratorial de rutina entre animais vacinados e infectados
- Restricións ao movemento intracomunitario e nacional:
 - Zona I (zona de risco non infectada: 8 meses)
 - Zona II (infectada:14-26 meses)
- Restricións comerciais de terceiros países (animais e productos)

■ **CMR: QUE SE FIXO ANTES ?**

Desde o inicio:

- **INFORMAR:** Manter ao sector bovino galego en permanente e continúa información da situación epidemiolóxica da DNC en España e no resto de países afectados (Francia e Italia).

Correos electrónicos masivos á lista de contactos do sector bovino (> 200) (organizacións profesionais agrarias, cooperativas, entidades asociativas, agrupacións de defensa sanitaria gandeira, asociacións de operadores comerciais e mercados gandeiros, colexios veterinarios oficiais, etc). **Primeiro correo masivo 22/06/2025**

INFORMACIÓN DA ENFERMIDADE

CONSECUENCIAS

MEDIDAS PREVENTIVAS → ABSTERSE DE MERCAR ANIMAIS DAS ZONAS DE RISCO
(Francia e Italia e despois Cataluña)

- **ACTUACIÓNS OFICIAIS EN INCORPORACIÓNS**

Inmovilización e corentena de animais → inspección veterinaria oficial

Desinsectación do censo

Vixilancia pasiva diaria

■ CMR: QUE SE FIXO ANTES ?

Outras vías de información:

- Nota de prensa da Consellería do Medio Rural o 6 de agosto
- Páxina web CMR
- Oficina Agraria Virtual (OVGAN) : notas informativas sobre a DNC de interese para as persoas gandeiras.
- Envío DXGAIA carta nominal a todas os/as titulares de explotacións de bovino: información da enfermidade, pautas de bioseguridade. Envío díptico.

Temas > Gandería > Sanidade animal > Programas sanitarios oficiais > Dermatose Nodular Contaxiosa

Temas

Alimentación
Agricultura >
Defensa do monte >
Desenvolvemento rural >
Explotacións >
Forestal >
Formación e Transferencia >
Gandería ▾
Sanidade animal
Rede de epidemiovixilancia
Programas oficiais
Campañas de saneamento
Dermatose Nodular Contaxiosa
Encefalopatías esponxiformes transmisibles
Enfermidade de Aujeszky
Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE)

Dermatose Nodular Contaxiosa

Compartir  

A Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) é unha enfermidade producida por un virus da familia Poxviridae, que afecta unicamente aos bovinos. Non afecta ao resto de especies domésticas nin tampouco ás persoas. Igualmente, o consumo de carne ou leite de animais infectados non ten repercusión algunha na saúde humana.

É unha enfermidade de declaración obrigatoria e inmediata na Unión Europea e en España, de acordo co Real decreto 779/2023 polo que se establece a comunicación de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación e está categorizada na normativa europea de sanidade animal como de categoría A, o que supón que en caso de detección deen aplicarse medidas inmediatas de erradicación.

Os animais, que poden sufrir a enfermidade desde formas subclínicas ou inaparentes ata formas máis graves, mostran os primeiros síntomas da enfermidade tras un período de incubación variable que pode durar varias semanas tras a infección, cunha primeira fase de febre por enriba de 40°C que pode durar varios días, abatemento, diminución da produción láctea e secreción nasal e ocular; seguida da aparición de nódulos na pel, localizados principalmente na cabeza, pescozo, ubre, zona perineal e xenital, aínda que tamén poden observarse de forma xeneralizada en toda a superficie do animal. Estes nódulos dolorosos e profundos evolucionan formando costras, que ao desprenderse deixan úlceras abertas na pel.

Os bovinos afectados tamén presentan lesións internas especialmente no tracto respiratorio e dixestivo, que por infeccións bacterianas secundarias poden dar lugar á aparición de complicacións como a neumonía, mastites, abortos, perda transitoria da fertilidade e coxeiras permanentes.

Os animais que superan a enfermidade presentan cicatrices na pel tras a curación das úlceras.

Que saber da DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA



XUNTA DE GALICIA

QUE É A DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA?

A dermatose nodular contaxiosa (DNC) é unha enfermidade producida por un virus de alta contaxiosidade. Provoca un gran prexuízo económico, tanto directo, nas explotacións afectadas, debido á diminución da produción láctea ou cárnica, á deterioración das peles ou aos problemas reprodutivos e aos abortos, como indirecto, en todo o sector bovino, a consecuencia das restricións de movemento animal arredor dos focos e das repercusións globais na exportación de gando, carne, leite e peles.

É unha enfermidade de categoría A na Unión Europea, o que implica levar a cabo actuacións de erradicación inmediata no caso de aparecer en foco, así como, ademais, outras medidas, o sacrificio obrigatorio de todo o censo de explotacións afectadas.

A QUE ANIMAIS AFECTA?

A DNC afecta unicamente o gando bovino e non ten repercusión ningunha noutras especies de animais domésticos.

Non é unha zoonose: as persoas non se poden infectar, nin por contacto directo cos animais infectados nin polo consumo dos seus produtos (carne ou leite).

QUE SÍNTOMAS TEN?

A DNC caracterízase por febre alta e persistente, nódulos na pel, nas membranas mucosas e nos órganos internos, así como adelgazamento, diminución da produción láctea e inflamación dos ganglios linfáticos, entre outros signos.

Como se transmite?

TRANSMISIÓN POR CONTACTO OU MOVIMENTO

TRANSMISIÓN POR VECTORES



XUNTA DE GALICIA

■ MEDIDAS PREVENTIVAS ACTUAIS



Vixilancia e control de bovinos con orixe Francia e Italia (posteriormente Cataluña e resto de España)

Dúas vías:

❑ Resolucions sucesivas (1ª, 22/10/2026) da DXGAIA



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 39


Venres, 27 de febreiro de 2026

Páx. 15477

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se adoptan medidas cautelares en relación coa dermatose nodular contaxiosa.



3 liñas de actuación:

- Restricións mercados
- Vixilancia oficial en explotacións con incorporacións
- Desinsectación vehículos foráneos

❑ Control en tránsito de limpeza, desinfección e desinsectación de vehículos (FCSE/ SVO)

Galicia: RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2026

Vigor ata 31 de marzo

- **Mercados** con asistencia de **gando de Galicia**
- **Concursos, poxas... autorización expresa**
- **Corentena de 21 días e vixilancia sanitaria oficial** bovinos procedentes de fóra de Galicia con destino vida. Destino directo a matadoiro permitido.
- **Inmovilización cautelar** de toda a explotación receptora durante ese período.
- **Desinsectación obrigatoria** de todos os animais presentes na explotación á chegada de bovinos de fóra de Galicia.
- **Control oficial** da inmovilización, correcta desinsectación e vixilancia clínica sanitaria por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais (**inicial e final**)
- **Desinsectación obrigatoria** dos vehículos que transporten bovinos cara a Galicia, ademais da limpeza e desinfección regulamentarias.

■ QUE PODEMOS FACER?

¡¡BIOSEGURIDADE¡¡ NA EXPLOTACIÓN

Dada a elevada contaxiosidade desta doenza as súas repercusións é absolutamente necesario **incrementar as medidas de bioseguridade**

nas granxas:

- ❑ **Evitar incorporar animais de fóra de Galicia e moito menos de zonas próximas ás ZR ou con tránsito por elas (Francia, zonas afectadas de España). Corentenas**
- ❑ **Desinfección de vehículos e equipos, especialmente os que percorren varias explotacións: lavar + desinfectar**



BIOSEGURIDADE NA EXPLOTACIÓN

❑ Control de accesos:

- **Limitación de visitantes:** tratantes, veterinarios... operarios externos sen autorización ou previa desinfección.
- **Rexistros de entradas e saídas.**
- **Uso de zonas de desinfección:**
 - vehículos, calzado, roupa...

❑ Control de vectores:

- **Desinsectacións periódicas** (moscas, mosquitos, carrachas...)
- **Mellorar condicións de estabulación:** instalacións limpas e sen materia orgánica nin zonas húmidas



BIOSEGURIDADE NA EXPLOTACIÓN

☐ Vixilancia sanitaria diaria → aviso inmediato a SVO

 **Diagnóstico precoz fundamental para minimizar consecuencias**





XUNTA
DE GALICIA

MOITAS GRAZAS



Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e
Industrias Agroalimentarias
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL